



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA Nº 4/2021 DO PLENO REALIZADA O DÍA 23-6-2021 (PRESENCIAL)

Na biblioteca municipal do Concello de Irixoa (A Coruña), sendo as doce horas e seis minutos do día vinte e tres de xuño de dous mil vinte e un reúnense, en primeira convocatoria, os membros do Pleno da corporación relacionados seguidamente, presididos polo alcalde e asistidos do secretario titular, Alejandro Alonso Figueroa, que dou fe do acto. O sr. Roca incorpórase á sesión no momento indicado no punto 4.

ASISTENTES

Alcalde: Antonio Deibe Sanmartín (PP)
Concelleiros: Lucía Abeal Fuentes (PP)
Sergio Nicolás Boado Seoane (BNG)
María José Cal Álvarez (PSdeG-PSOE)
Ramón José Dopico Martínez (PP)
Juan Manuel Freire Golpe (PP)
José Otero López (PP)
Remigio Pérez Bao (PP)
José Ángel Roca Díaz (PP)

AUSENTES

Ningún

A sesión é aberta pola Presidencia ao obxecto de proceder ao exame, debate e votación dos asuntos da seguinte

ORDE DO DÍA

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 15-4-2021. Pola Presidencia pregúntase se algún membro desexa formular algunha observación ou proposta de rectificación á redacción da acta da sesión anterior; por parte da sra. Cal (PSdeG-PSOE) insístese que mentres non se rectifique adecuadamente a acta da sesión plenaria do 30-12-2021 non vai aprobar ningunha acta.

Non se formula ningunha alegación específica sobre a redacción da acta anterior, polo que se somete a votación ordinaria o asunto, resultando que por maioría absoluta de 6 votos favorables, 1 voto contrario (sra. Cal) e 1 abstención (sr. Boado), queda aprobada a acta da sesión extraordinaria de 15-4-2021.

Ao remate deste punto, sendo as 12:08 horas, abandona a sesión a sra. Cal, xustificando o abandono en base a un parentesco cun dos interesados no seguinte punto.

2. APROBACIÓN DEFINITIVA DESAFECTACIÓN E PERMUTA CAMIÑO EN CERRO (CHURÍO): PEDRO VARELA OTERO. No acordo plenario do 15-4-2021 aprobouse inicialmente o seguinte:

"1. Apróbase inicialmente o expediente de desafectación dun camiño público secundario en Cerro (parroquia de Churío), con referencia catastral 15040A037090590000PP, cunha superficie de 47 m².



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Posteriormente o tramo desafectado será permutado por un terreo desagregado de 107 m² dunha parcela de Pedro Varela Otero. O obxecto de tal desafectación e permuta é mellorar o viario na zona.”

A exposición pública de tal acordo iniciouse mediante a publicación do correspondente anuncio no BOP do 21-4-2021, rematando o 21 de maio de 2021; no prazo de exposición presentouse unha única alegación: a de José Martín Espiñeira Cal, con rexistro de entrada nº 596 do 24-5-2021 (presentada en Correos o 21-5), alegando contra desafectación porque dificulta o acceso a unha parcela (políg. 37 parc. 996). Procede, pois, resolver esta reclamación e aprobar definitivamente, se procedese, o presente expediente.

Infórmase de que o técnico municipal non considera xustificada tal alegación, xa que a permuta mellora o ancho e a maniobrabilidade para incorporarse ao camiño secundario dende a vía principal, polo que existe interese xeral do cambio proposto. Ademais secretaria informa de que consultada a base de datos catastrais, resulta que a titular da parcela 996 do políg. 37 é María Barbeito Paredes.

Prodúcese un breve debate sobre as circunstancias e a tramitación do expediente.

O sr. Boado (BNG) pregunta se o lindeiro do camiño anulado presentou algunha alegación, ao que se lle contesta que o alegante é o herdeiro da persoa que consta no catastro; tamén pregunta se os propietarios da palleira que está ao oeste do novo camiño previsto mostraron a súa conformidade, dado que agora vai quedar rodeada de vía pública por todos os ventos, polo que quedaría prexudicada en canto a distancia de construcións á vía pública; ao respecto contéstalle que non hai conformidade escrita pero si verbal e que ten coñecemento da permuta.

Tras o debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobado, por unanimidade e maioría absoluta de 7 votos favorables, o seguinte **acordo**:

1. Desestímase a alegación de José Martín Espiñeira Cal contra a desafectación e permuta, xa que, atendendo ao informe do técnico municipal, a operación mellora a maniobrabilidade nese camiño e non prexudica ningún acceso a parcelas privadas; ademais a parcela alegada como prexudicada (996 do políg. 37) non figura catastralmente a nome do alegante.

2. Apróbase definitivamente o expediente de desafectación dun camiño público secundario en Cerro (parroquia de Churío), con referencia catastral 15040A037090590000PP, cunha superficie de 47 m². Posteriormente o tramo desafectado será permutado por un terreo desagregado de 107 m² dunha parcela de Pedro Varela Otero, quedando ese terreo adquirido polo concello directamente afectado como viario municipal (dominio público de uso público). O obxecto de tal desafectación e permuta é mellorar o viario na zona.

Pola Xunta de Goberno Local aprobarase o acordo executivo aprobando a permuta.

3. Notificarase o presente acordo ao alegante, utilizando para elo o modelo C-9985 dos aprobados polo concello. Publicarase a presente aprobación definitiva no BOP, aos efectos de coñecemento xeral e posibles recursos.

Unha vez rematado o presente punto reincorpórase á sesión a sra. Cal.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

3. MOCIÓN DO BNG SOBRE AS PEAXES DAS AUTOVÍAS GALEGAS. Por parte do sr. Boado (BNG) procédese á defensa da moción, tendo en conta os mesmos argumentos expostos na exposición de motivos.

O debate redúcese á intervención do sr. Deibe (PP), na que considera razoable a moción e anuncia o voto favorable do seu grupo.

Tras o debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobada, por maioría absoluta de 7 votos favorables, 1 voto contrario (sra. Cal) e 0 abstencións, a seguinte **moción**:

ACORDO SOBRE AS PEAXES DAS AUTOVÍAS GALEGAS

Exposición de motivos:

O Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana vén de reabrir o debate sobre o repagamento mediante peaxe das autovías de titularidade estatal, reiterando unha proposta que xa fora anunciada en 2018 e 2019. Este debate abriuse despois de que a patronal das construtoras, ASEPAN, demandase este tipo de medidas para garantir contratos de concesión. Mais a medida ten tamén outras causas relacionadas co desequilibrio económico nas contas do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana a raíz de dúas decisións:

-O rescate das ruinosas autoestradas radiais madrileñas e doutras autoestradas, cun custe para as arcas públicas de máis de 3.000 millóns de euros.

-A supresión das peaxes en autoestradas nas que caduca a concesión entre 2019 e 2021, o que vai supor un custe duns 450 millóns de euros anuais. Ademais, o Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana tamén aprobou o ano pasado bonificacións para o transporte en determinadas autoestradas, co conseguinte incremento do gasto orzamentario e da dispoñibilidade de recursos.

Como resposta a aquel primeiro anuncio de novembro de 2018, o Pleno do parlamento aprobou un acordo en decembro de 2019, a instancias do BNG, no que manifestaba unha rotunda oposición ao establecemento de peaxes nas autovías de titularidade estatal.

Ademais do carácter regresivo e do impacto negativo que tería para as persoas usuarias das autovías, para a seguridade viaria e para a competitividade das nosas empresas, a citada medida hai que analizala no contexto da situación da rede viaria estatal en Galiza e concretamente da situación das autoestradas de titularidade estatal, a AP 9 e a AP53. Por outra parte, en Galiza existen dúas autovías da Xunta de Galiza con peaxes ás persoas usuarias, a AG 55 e a AG 57, o que supón en agravio e unha discriminación para residentes e empresas das respectivas comarcas, un atranco para a conectividade e a competitividade, e ademais incrementa a inseguridade viaria e merma a calidade de vida na contorna das estradas convencionais que atravesan zonas densamente habitadas.

1- Amosar a rotunda oposición do Concello de Irixoa á intención do goberno central de establecer peaxes nas autovías de titularidade estatal, por considerala unha medida regresiva que establece barreiras económicas no acceso á servizos básicos como son as infraestruturas viarias, porque incrementa a inseguridade viaria e porque supón un atranco para o desenvolvemento económico e a cohesión social de Galiza.

2- Dar traslado do acordo deste primeiro punto ao Goberno español, nomeadamente ao Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, así como, aos grupos políticos con representación no Congreso dos Deputados.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

4. MOCIÓN DO BNG EN DEFENSA DUN MODELO DE ENERXÍA EÓLICA SUSTENTABEL, XUSTA E GALEGA FRONTE AO ESPOLIO E A DEPRDACIÓN. Por parte do sr. Boado (BNG) procédese á defensa da moción, tendo en conta os mesmos argumentos expostos na exposición de motivos.

En resumo, o BNG considera que hai un boom eólico en Galiza, pero cun modelo de oligopolio espoliador e depredador, sen participación social, sen protección medioambiental, sen planificación e control público e sen reverter o beneficio en riqueza do país; a lei de depredación (Lei 5/2017, do 19 de outubro) foi agravada, co coartada da COVID-19, coa Lei 9/2021, do 25 de febreiro, ao reducir os prazos para o control de iniciativas depredadoras; simultaneamente prodúcese un desmantelamento industrial e deslocalización de empresas preocupante; a solución será a empresa pública galega de enerxía e a instalación dun modelo de enerxía eólica sustentábel, xusta e galega; na comarca de Betanzos hai unha acumulación de proxectos que no seu conxunto, aeroxeneradores, subestacións e liñas de alta tensión de evacuación, supoñen un forte impacto no medio e no patrimonio. A proposta de acordo é a seguinte:

1. Desenvolver e aprobar un novo marco regulatorio do sector eólico que incremente as garantías sociais, económicas e medioambientais, a comezar por un novo Plan Sectorial Eólico que conte cunha ampla participación dos axentes implicados (asociacións veciñais, agrarias, ecoloxistas, sindicais, centros de investigación, comunidades de montes, etc.) e un amplo proceso de exposición pública co fin de suscitar o maior consenso posíbel, tendo en consideración as necesidades de Galiza e o papel doutras tecnoloxías.
2. Dar rango de lei ao impulso de Plans de Desenvolvemento Industrial asociados ás novas instalacións establecendo medidas para que as autorizacións de novos parques eólicos se vinculen a proxectos industriais que xeren riqueza e emprego no país e favorecer que unha parte das compoñentes sexan desenvolvidos en Galiza.
3. Impulsar medidas para garantir a socialización dos beneficios do papel xerador de Galiza e o retorno económico para o noso país apostando pola constitución dunha empresa pública galega de enerxía e fomentando a participación pública da Xunta e dos concellos galegos así como das persoas propietarias das terras (comunidades de montes, propiedades agrogandeiras) de maneira que xere rendas complementarias. Así mesmo, impulsaranse fórmulas de democratización da enerxía como as comunidades enerxéticas, os parques enerxéticos comunitarios e o autoconsumo enerxético.
4. Incrementar a vixilancia sobre as garantías medioambientais para asegurar o cumprimento do principio de prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística, a precaución respecto das posibles intervencións que poidan afectar negativamente o patrimonio natural ou a biodiversidade e mais a prevención dos problemas derivados da crise climática.

Singularmente:

- a) Paralizar cautelarmente os proxectos de todos os parques eólicos, en proxecto ou en tramitación, que estean incluídos dentro de áreas propostas anteriormente para a ampliación da Rede Natura e non autorizar novos parques eólicos que estean situados nestas zonas.
 - b) Realizar unha fiscalización da totalidade de proxectos en proxecto ou tramitación no noso país para localizar casos constitutivos de fraude de lei seren fragmentacións de proxectos que comparten localización e infraestruturas e que polo tanto deben ter unha avaliación conxunta como un único proxecto, emprendendo as accións oportunas para impedir esta fragmentación.
 - c) Impulsar un proceso participativo para desenvolver figuras de ordenación e protección do territorio: ampliación da Rede Natura, Estratexia de Infraestrutura Verde, Áreas de Interese Paisaxístico, plans de proteccións de especies e hábitats declarados de interese comunitario e de interese prioritario.
5. Garantir unha verdadeira política de transparencia, información e participación cidadá tomando as seguintes medidas:
- a) Mellorar a información dispoñíbel a través do Rexistro Eólico Galego modernizándoo e incorporando o acceso áxil a toda a información relacionada (proxectos, prazos, resolucións do DOG, mecanismos de consulta, identificación dos axentes promotores, características da instalación. etc.) de forma clara e intuitiva.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

b) Promover unha oficina específica, con servizos presenciais e telemáticos, ao abeiro do INEGA para o asesoramento técnico e administrativo ou de mediación necesario para a cidadanía, asociacións de veciños, comunidades de montes e outros colectivos afectados pola expansión industrial eólica.

c) Poñer en marcha as demandas do Observatorio Eólico Galego respecto das recomendacións de transparencia, participación pública e difusión de modelos de contrato para particulares e comunidades de montes e mecanismos de negociación.

Durante a intervención do sr. Boado incorpórase á sesión o sr. Roca, sendo as 12:30 horas.

No debate prodúcese á intervención do sr. Deibe (PP), considerando aceptables os puntos 4.a e 4-b da proposta do acordo, pero descartando un apoio ao resto, por ser un ataque xeral ao sector eólico; propón que o BNG solape estes puntos aceptables na moción do PP. Considera, segundo o argumentario facilitado polo PP, que hai marco normativo para regular o sector eólico e que á obriga da administración tramitar as solicitudes eólicas que se presenten, que o modelo da Xunta de Galicia promove un desenvolvemento ordenado do sector eólico, compatible con outras actividades, buscando o consenso das partes implicadas, protexendo os espazos naturais, en especial a Rede Natura 2000, sempre con participación pública ambiental. O sector eólico galego vai crescendo en importancia de produción, investimento e emprego, amoldándose ás garantías técnicas, ambientais e urbanísticas. A tramitación administrativa é obrigada, coas garantías citadas, con participación pública e transparencia, polo que a resolución adecuada pode ser positiva, negativa ou requirindo modificacións, pero non é aceptable o criminalizar un sector estratéxico e necesario para a transición ecolóxica, nin deslexitimar o traballo técnico rigoroso dos técnicos da Xunta de Galicia.

Por parte da sra. Cal (PSdeG-PSOE) realízase unha proposta de consenso, coma único camiño viable para a eficacia destas actuacións, que supón unha emenda á moción do BNG, coa seguinte proposta de acordo:

1. Manifestar o noso rexeitamento á instalación do Parque Eólico Pena do Corvo, a a súa infraestrutura de evacuación, promovido pola empresa Iberdrola Renovables Galicia, S.A., por considerar que afecta gravemente á veciñanza, deste concello.
2. Mostrar o noso total apoio ás veciñas e aos veciños afectados, e ofrecerlles o apoio técnico e xurídico.
3. Dar traslado do presente acordo á xunta de Galicia e ao Ministerio para a Transición Ecolóxica, así como á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, solicitando a paralización do proxecto.

Por parte do sr. Boado considérase que a redacción desta emenda desnaturaliza a moción do BNG, polo que non acepta a emenda do PSdeG-PSOE, nin tampouco a retirada para incluír puntos parciais na moción do PP.

Tras o debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando **rexeitada**, por 1 voto favorable, 7 votos contrarios (sres. Deibe, Dopico, Freire, Otero, Pérez e Roca e a sra. Abeal) e 1 abstención (sra. Cal), esta moción do BNG.

Na quenda de explicación de voto, a sra. Cal xustifica a súa abstención na falta de disposición dos grupos do concello para chegar a un consenso eficaz, xa que o BNG e o PP só miran o beneficio político, sen preocuparse verdadeiramente dos intereses veciñais.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

5. MOCIÓN DO PP SOBRE A PROPOSTA DO GOBERNO DE ESPAÑA DE COBRAR PEAXES POR CIRCULAR POLAS AUTOVÍAS ESPAÑOLAS. Por parte do sr. Deibe (PP) procédese á defensa da moción, reproducindo os argumentos expostos na súa exposición de motivos; a moción ven redactada en castelán, e neste idioma darase traslado do acordo aos órganos do Estado. Tamén diferencia esta moción coa do BNG, xa que na do PP o ámbito esténdese a toda España.

Tras un breve debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobada, por maioría absoluta de 8 votos favorables e 1 voto contrario (sra. Cal), a seguinte **moción**:

MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE IRIXOA PARA INSTAR O GOBERNO DE ESPAÑA A NON LEVAR Á PRÁCTICA A SÚA PROPOSTA DE COBRAR PEAXES POR CIRCULAR POLA AUTOVÍAS ESPAÑOLAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia do Goberno, aprobado polo Consello de Ministros do pasado 13 de abril de 2021, e presentado tras o mesmo polo presidente Sánchez, asume ante a Comisión Europea a determinación do Executivo socialista de levar adiante a súa proposta de implantar peaxes na rede de autovías estatais existentes no noso país.

Así o transmite sen ningún xénero de dúbidas devandito documento (Páx. 127 do Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia) cando establece literalmente:

"É preciso desenvolver un sistema de pago por uso da rede de vías de alta capacidade que permita cubrir os custos de mantemento e integrar as externalidades negativas do transporte por estrada como sucede no resto de infraestruturas".

Non se trata dunha proposta máis lanzada como "globo sonda" para coñecer como reaccionan os afectados senón que forma parte do documento oficial que o Goberno de España remitiu ás autoridades europeas para xustificar a entrega de 70.000 millóns de euros en axudas non reembolsables durante o próximos tres anos.

É dicir, parece evidente que no ánimo do Goberno está a implantación de peaxes por circular polas autovías españolas.

Unha medida que sumada á subida dos impostos de matriculación, circulación e do diésel, e implantada nun momento en que a economía española atravesamos a súa peor situación desde a Guerra Civil; nun momento en que os ingresos de familias, autónomos ou empresas están a verse moi reducidos e, nalgúns casos, desapareceron, sumada á subida dos impostos de matriculación, circulación e do diésel só pode contribuír ao maior empobrecemento dos españois, especialmente aqueles con rendas medias e baixas.

Unha medida que só pode contribuír a frear ou impedir a recuperación dun sector, o do transporte, que supón o 8,5% do PIB nacional e xera máis de 1,3 millóns de empregos en España, o que nos dá unha idea do alcance socio económico do mesmo e o que implicaría unha ferverza de quebras provocadas por esta medida, especialmente se o poñemos en relación con outro dato moi revelador, como é que o 85% das mercadorías de todo tipo que se moven no noso país fan por estrada.

Tamén convén poñer de manifesto que esta medida adoptouse unilateralmente polo Executivo, sen a existencia de consenso nin diálogo previo algún, nin co sector do transporte, nin moito menos coas distintas forzas políticas.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello IRIXOA , presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

PRIMEIRO- Instar ao goberno de España a non levar á práctica a súa proposta de cobrar peaxes por circular polas autovías españolas.

SEGUNDO: Dar traslado deste acordo ao Presidente do Goberno, á Ministra de Facenda e ao Ministro de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

6. APROBACIÓN DEFINITIVA PACES-IRIXOA. Dáse conta do documento presentado por EPTISA para a aprobación definitiva, aínda que algúns concelleiros expuseron a imposibilidade de estudar un documento tan amplo nun período breve de tempo. Por parte do sr. Roca (PP) valórase positivamente o documento e incídese na importancia do cumprimento das previsións para a redución da emisión de CO₂, para o que hai que implicar ao transporte (privado e público non municipal) e o sector residencial, para acadar unha redución de emisións paralela á municipal.

Tras o debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobado, por maioría absoluta de 8 votos favorables e 1 abstención (sr. Boado), o seguinte **acordo**:

1º. Aprobar o “Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES)” do Concello de Irixoa (provincia da Coruña e comunidade autónoma de Galicia), tras a redacción pola empresa adjudicataria EPTISA Servicios de Ingeniería, S.L. e o proceso de participación cidadán. Considérase que as propostas concretas deste PACES, desenvolvidas no Plan de Acción, acreditan a posibilidade de cumprimento dos compromisos adquiridos polo Concello de Irixoa, en canto á súa adhesión ao Pacto das Alcaldías polo Clima e a Enerxía Sustentable, formalizada mediante o acordo de Pleno de data do 31-3-2019.

2. Notificarase o presente acordo á empresa EPTISA para a colaboración na carga deste documento na páxina europea do pacto dos alcaldes.

7. CONVENIO SUBVENCIÓN NOMINATIVA DEPUTACIÓN PARA ACONDICIONAMENTO EDIFICIO TIULFE (ANTIGA ESCOLA). Dáse conta de que na tramitación provincial deste convenio na Deputación hai reticencias de Intervención en canto á necesaria competencia plenaria para a súa aprobación municipal; de todos os xeitos aínda non hai ningún requirimento formal de subsanación por parte da Deputación.

Na Xunta de Goberno Local do 12-2-2021, en relación a este tema, en función da delegación de competencias plenarias realizadas por acordo do 21-6-2019, adoptouse o seguinte acordo:

1. O Concello de Irixoa solicita a colaboración da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento da obra municipal de “REHABILITACIÓN DE EDIFICIO PÚBLICO EN TIULFE”; en concreto solicita unha subvención nominativa para que o concello afronte a execución da obra, por un importe do 76,99 % do custo (70.000 €); o concello non dispón de marxe económica para afrontar cos seus medios a contratación-execución da obra nin para realizar unha aportación significativa ao convenio. O destino deste edificio serán os servizos sociais municipais.

2. Apróbase o proxecto técnico da obra, que está redactado por Victorino Corral Rodríguez (arquitecto técnico e técnico municipal) e polo importe de 90.926,48 € (orçamento execución por contra).

3. Facúltase á Alcaldía en todo o necesario para a xestión desta subvención, incluída a sinatura do correspondente convenio coa Deputación Provincial da Coruña, co obxecto do bo fin do presente asunto favorable ao concello.

Tras o debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobado, por unanimidade de 9 votos favorables, o seguinte **acordo**:



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

1. Ratifícase en acordo plenario o acordo da Xunta de Goberno Local do 12-2-2021, en relación á solicitude de subvención nominativa para a obra municipal “Rehabilitación de Edificio Público en Tiulfe”.
2. Facúltase á Alcaldía en todo o necesario para a xestión desta subvención.

8. MOCIÓN DO PP SOBRE AMPLIACIÓN DA SUSPENSIÓN DAS REGRAS FISCAIS NAS ENTIDADES LOCAIS PARA OS ANOS 2022 E 2023. Polo sr. Deibe (PP) procédese á defensa da moción, reproducindo os argumentos expostos na súa exposición de motivos; a moción ven redactada en castelán, e neste idioma darase traslado do acordo aos órganos do Estado.

Tras un breve debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobada, por maioría absoluta de 7 votos favorables e 2 abstencións (sr. Boado e sra. Cal), a seguinte **moción**:

MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO POPULAR DO CONCELLO DE IRIXOA PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A AMPLIAR A SUSPENSIÓN DA APLICACIÓN DAS REGRAS FISCAIS ÁS ENTIDADES LOCAIS NOS AÑOS 2022 E 2023

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pandemia provocada polo Covid-19 ten provocado unha crise sen precedentes en todas o economías do mundo que tardará varios anos en superarse.

En Europa, a economía sufriu en 2020 o maior derrube desde a Segunda Guerra Mundial. Segundo a oficina estatística Eurostat, o Produto Interior Bruto (PIB) caeu o 6,8% na zona euro por mor das fortes medidas restritivas adoptadas para facer fronte á pandemia.

As sucesivas ondas de contaxios que están a se producir atrasan a recuperación europea que pode sufrir profundas cicatrices en forma de quebras empresariais, desemprego de longa duración ou maiores desigualdades sociais. Así, as previsións actualizadas a mediados de febreiro pola Comisión Europea rebaixan o crecemento do PIB da Unión Europea para 2021 do 4,1% estimado o pasado outono ao 3,7%.

En España, a contracción en 2020 foi aínda peor ao alcanzar o 11% (unha caída do PIB que duplica a experimentada por Alemaña, -5%) segundo datos publicados polo propio Goberno e o que é máis preocupante, a finais de 2022 o noso país aínda non sería capaz de recuperar o PIB previo á crise posto que as previsións realizadas por Bruxelas para España apuntan a un crecemento do 5,6% e 5,3% para 2021 e 2022 respectivamente.

E, ademais, España afronta o risco dun aumento de insolvencias cando empece a retirar estímulos á economía.

Todos estes datos demostránnos que, tal e como xa anunciou a Comisión Europea, a posible recuperación na UE será desigual. Ademais, o plan de recuperación non estará en pleno rendemento antes do segundo semestre do ano 2021.

Ante esa situación, Bruxelas urxiu aos países a que non se apresuren a retirar os estímulos nin as medidas temporais, para evitar o peche de empresas nin a extinción a gran escala de postos de traballo, para non provocar unha crise social.

En España, o Goberno ten implantado unha serie de medidas para apoiar aos cidadáns e empresas.

A suspensión da aplicación das regras fiscais, aprobada polo Congreso dos Deputados o pasado 20 de outubro de 2020) nos anos 2020 e 2021, constitúe unha delas e tivo un impacto moi positivo nas Entidades locais.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Esta medida foi adoptada despois de que a Unión Europea anunciase en marzo do ano pasado que, por primeira vez na súa historia, activaba a cláusula de escape xeral do Pacto de Estabilidade e Crecemento e suspendía a aplicación dos límites de débeda e déficit contidos no este Pacto durante os anos 2020 e 2021.

Por outra banda, debe lembrarse que as entidades locais representadas na Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP) viñeron reclamando desde sempre, en primeiro lugar, a flexibilización das Regras Fiscais como posteriormente, a súa non aplicación, como quedou de manifesto no documento denominado “Piares locais para a reactivación económica e social da Administración local” aprobado por unanimidade pola súa Xunta de Goberno na súa reunión do 22 de maio.

Un documento que contén medidas que as entidades locais entendiamos, e entendemos, imprescindibles para colaborar desde a administración local á recuperación social e económica derivada da pandemia.

Á pesar de que a suspensión das Regras fiscais aprobouse no último trimestre do ano 2020 esta medida permitiu aos Concellos, Deputados, Cabidos e Consellos insulares de España financiar os gastos excepcionais derivados da pandemia cos seus propios remanentes.

Agora ben, tras examinar as previsións de crecemento do PIB en España expostos non cabe pensar que no 2022 -e moi probablemente no 2023- deixen de existir necesidades e demandas sociais, nin proxectos municipais de desenvolvemento e progreso precisos para a recuperación da actividade, a economía e o emprego.

Analizados estes datos, podemos afirmar que as entidades locais españolas, que xa comprometeron recursos nos exercicios 2021 e 2022 para a posta en marcha de iniciativas extraordinarias e urxentes de tipo económico e social que reducen as consecuencias negativas desta pandemia sobre os seus veciños, terán que manter e/ou ampliar ditas medidas no ano 2022 e, con moita probabilidade, tamén no 2023. Un incremento de gasto que se produce nun contexto de forte caída de ingresos.

Ante esta realidade sería conveniente ampliar a suspensión da aplicación das regras fiscais ata o ano 2022 e, en función da evolución da pandemia e da situación económica e social en España así como das decisións que poida tomar a Unión Europea a este respecto, avaliar a mediados do ano que vén si fose necesario manter a suspensión no ano 2023.

De feito, a Comisión Europea, avaliará a desactivación ou o mantemento da aplicación da cláusula xeral de salvagarda sobre a base das previsións da primavera de 2021, que se publicarán na primeira quincena de maio. Á pesar de que a Comisión Europea dará o seu veredicto no mes de maio, avanza que os indicadores que manexa suxiren “continuar aplicando a cláusula xeral de escape en 2022 e desactivala a partir de 2023”.

Por todo o anterior, e co obxectivo de facilitar a resposta necesaria á crise sanitaria e económica causada pola pandemia de Covid-19, resulta necesario insistir na necesidade da “ampliación da non aplicación das regras fiscais”.

No entanto, desde a Comisión de Facendas e Financiamento local da FEMPponse tamén de manifesto que, para o suposto de que finalmente o acordo da Comisión Europea non chegase a producirse, o Goberno de España debería tomar medidas para que a xestión dos proxectos de investimento postos en marcha en 2021 polas Entidades locais, non se visen prexudicados.

Polo exposto, e ante as recomendacións e medidas aprobadas no seo da FEMP, o Grupo Municipal Popular no Concello de IRIXOA, presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Instar o Goberno da Nación a:

1º- Estender os efectos da non aplicación das regras fiscais ao exercicio 2022 de acordo con o manifestado pola Comisión Europea e en paralelo coa xestión do Plan de Recuperación,



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Transformación e Resiliencia, tendo en conta que a situación económica non é previsible que se recupere en dito ano.

2º - Aprobar un Real Decreto Lei que, no caso de que a Comisión Europea desactive a “cláusula xeral de salvagarda”, prorrogue a aplicación dos Investimentos Financeiramente Sostibles para 2022 e que dea continuidade á aplicación dos proxectos de investimento iniciados en 2021 con cargo aos Remanentes de Tesourería para Gastos Xerais.

3º - Adoptar as medidas citadas nos apartados anteriores o máis axiña posible, antes do verán, ao obxecto de que poidan resultar operativas neste ano 2021.

4º- Dar traslado deste acordo ao Presidente do Goberno, á Ministra de Facenda, e ao Ministro de Política Territorial e Función Pública.

9. MOCIÓN DO PP SOBRE NON CONCESIÓN POLO GOBERNO DOS INDULTOS AOS LIDERES INDEPENDENTISTAS CATALÁNS CONDENADOS POR SEDICIÓN. Por parte do sr. Deibe (PP) comunícase a retirada desta moción do Pleno, polo que non pasa a debate.

10. MOCIÓN DO PP SOBRE ALEGACIÓNS AO PROXECTO PARQUE EÓLICO PENA DO CORVO (MONFERO). Dáse conta da moción do grupo do PP sobre este asunto, que ven tendo un amplo rexeitamento popular, tanto neste coma noutros concellos afectados.

Defende a moción o sr. Deibe (PP) considerando que o publicado é un proxecto trampa, xa que vai sufrir modificacións empeorando os efectos ambientais, polo que o concello non pode quedar ao marxe da vaga de rexeitamento que está provocando na poboación afectada. A moción establécese como unha base para chegar a un consenso con outros grupos.

A sra. Cal (PSdeG-PSOE) mostra un acordo xeral coa moción, pero considera que o importante é chegar a un consenso; para iso, ten unha proposta de declaración institucional de consenso, xa presentada no punto 4.

O sr. Deibe acepta a vontade de consenso e a conversión da moción en declaración institucional, pero estima que a proposta socialista é moi afín no seu texto á moción do PP, que considera máis elaborada.

Tras o debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobado, por unanimidade de 9 votos favorables, o seguinte **acordo**:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE IRIXOA SOBRE O PROXECTO DE PARQUE EÓLICO PENA DO CORVO (MONFERO) E LIÑA DE TRANSPORTE

1º. O Concello de Irixoa mostra o seu rexeitamento á tramitación do proxecto Parque Eólico Pena do Corvo de 58,5 MW e a súa infraestrutura de evacuación, promovido por IBERDROLA Renovables Galicia, S.A.

2º. Os motivos do rexeitamento son os que figuran nos anexos, como versión en castelán e galego das alegacións a presentar.

3º. Facultar ao sr. alcalde en todo o preciso, e coa máxima amplitude, para fundamentar a oposición municipal en calquera trámite dos procedementos vinculados ao proxecto.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

ANEXO VERSIÓN GALEGO

Delegación do Goberno en Galicia
(Área de Industria e Enerxía)
Praza de Ourense, nº 11
15003 A Coruña

Asunto: Alegacións ao Parque eólico Pena do Corvo
Expediente: Parque eólico Pena do Corvo de 58.5 MW e a súa infraestrutura de evacuación
Código de Proxecto: PEol-400
Promotor: Iberdrola Renovables Galicia S.A.

En Irixoa (A Coruña), a XX de xuño de 2021

Con data 31 de maio, esta corporación municipal tivo coñecemento a través do Boletín Oficial do Estado de data 29 de maio dun proxecto eólico que a empresa Iberdrola Renovables Galicia S.A. está a desenvolver, a través do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico en terreos situados, no concello de Monfero denominado Parque Eólico Pena do Corvo.

Este proxecto consta de 13 aeroxeradores modelo \$ G145 de 4.5 MW, 107,5 mts de altura de buxe que totalizan 58.5 MW, redes interiores de parque ao nivel de 30 kV, viais de parque, subestación elevadora 30/220 kV e unha liña aérea de evacuación en 220 kV de 45,5 km ata Mesón do Vento atravesando nove concellos.

Consideramos necesario apuntar que ata a data de hoxe, a empresa que desenvolve o proxecto non se puxo en contacto con ninguén da corporación municipal deste concello para anunciar-nos e presentarnos o proxecto en cuestión, nin solicitar inquietudes ou o nivel de aceptación potencial por parte dos veciños desta localidade. Tampouco se interesou polos plans específicos de desenvolvemento urbanístico ou doutra índole que este concello estea a tentar elaborar e desenvolver, en aras a evitar a posible interferencia da traza da liña aérea.

Analizada a información recollida nos documentos: “Anteprojecto. Parque eólico Pena do Corvo e Infraestruturas de evacuación eléctrica asociada” e o “Estudo de Impacto Ambiental do Proxecto de instalación do Parque Eólico Pena do Corvo e a súa Infraestrutura de evacuación”, esta Corporación Municipal presenta as seguintes alegacións:

Alegación Primeira.-

Dado que o proxecto Parque Eólico Pena do Corvo está a desenvolverse fóra dunha Área de Desenvolvemento Eólico (ADE) establecidas en Galicia mediante a Lei 8/2009 e ademais non cumpre a condición necesaria que exonere desta restrición, por non xerar ningún tipo de valor socio-económico salientable nin ser un proxecto vertebrador para o territorio, esta Corporación Municipal manifesta a súa posición negativa ao desenvolvemento do citado proxecto e solicita ao órgano substantivo a paralización e arquivo do procedemento de Declaración de Impacto Ambiental e Autorización Administrativa do P.E. Pena do Corvo.

Alegación Segunda.-

Segundo pódese apreciar nos planos xerais do Anteprojecto do Parque Eólico, nos seus 45,5 km de lonxitude, a liña aérea para a evacuación da enerxía eléctrica xerada no Parque Eólico Pena do Corvo atravesa os concellos de Betanzos, Carral, Coiros, Irixoa, Monfero, Ordes, Oza-Cesuras, Paderne e Vilarmaior.

No caso do noso concello, vemos que cruza moi próxima aos lugares de Cal de Samede, Samede, Moreira, Lambre e Vilarcía na parroquia de AMBROA. Con todo, ao non acompañar-



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

se, os habituais correspondentes perfís lonxitudinais xunto coa traza en planta detallando que parcelas son as afectadas pola localización dos apoios e o voo da liña así como a altura dos condutores; entendemos que esta documentación é insuficiente para o obxectivo pretendido de ser unha “información pública” fidedigna coa que os veciños e organismos afectados poidan ter un coñecemento claro da afección do proxecto.

A pesar desta falta de información, polo que se aprecia no plano de planta vemos que a traza da liña, tendo en conta a súa franxa de afección de 60-80 mts, pasa moi próximo aos núcleos de poboación de Cal de Samede, Samede, Moreira, Lambre e Vilarciá.

Por tanto, esta Corporación Municipal solicita ao órgano substantivo que requira a Iberdrola Renovables Galicia S.A. para que elaboren unha documentación detallada tendo en conta os núcleos de poboación de Cal de Samede, Samede, Moreira, Lambre e Vilarciá e permita ver claramente cales serán as afeccións reais da liña.

Alegación Terceira.-

Como xa se indicou anteriormente, o promotor Iberdrola Renovables Galicia S.A. en ningún momento se puxo en contacto cos veciños e propietarios da parcelas ou propiedades afectadas para negociar as lóxicas compensacións polo paso da liña; nin con esta Corporación Municipal para presentar o proxecto.

Tamén é necesario lembrar que este proxecto e a súa liña de evacuación de 45,5 km de lonxitude son infraestruturas de carácter privado que estarán en operación non menos de 30 anos, xerando un negocio económico privado do que nada se van a beneficiar os veciños de Irixoa, nin especialmente os veciños cuxas propiedades se vexan directamente afectados polo paso da mencionada liña de 220 kvV.

Por iso, esta Corporación Municipal manifesta a súa total desconformidade coa estratexia e actitude do promotor Iberdrola Renovables Galicia S.A. ao non falar cos veciños afectados, e así mesmo advirte ao órgano substantivo que se o promotor inicia un expediente de expropiación forzosa para ocupar as propiedades dos veciños de Irixoa, esta Corporación Municipal exercerá unha oposición frontal con todos os medios legais ao seu alcance.

Alegación Cuarta.-

No Estudo de Impacto Ambiental, o promotor non tivo en consideración do Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Irixoa e en consecuencia non se fixo eco das iniciativas de desenvolvemento recollidas no mesmo sobre as zonas afectadas polo paso da liña de 220 kV nin tampouco as pertinentes catalogacións de núcleos de poboación e os seus contornos de protección.

Por iso esta Corporación Municipal solicita ao órgano substantivo que requira a Iberdrola Renovables Galicia S.A. para que refaga o Estudo de Impacto Ambiental tendo en conta o Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Irixoa.

Alegación Quinta.-

No Estudo de Impacto Ambiental, o promotor non analiza o impacto que terá o paso da liña aérea 220 kV sobre a perda de calidade para a poboación asentada en Irixoa. Sen dúbida a construción desta liña afectará ao carácter orixinal da paisaxe e aos valores ambientais da zona mingando o potencial crecemento do turismo rural e outras actividades económicas asociadas así como á gandería e o patrimonio cultural.

Estes impactos non foron tratados e, polo tanto, non foron contempladas medidas mitigadoras compensatorias no Estudo de Impacto Ambiental. É por iso que esta Corporación Municipal solicita ao órgano substantivo a paralización e arquivo do procedemento de Declaración de Impacto Ambiental e Autorización Administrativa do PE Pena do Corvo; ou ben, sexa sote-



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

rrado o tramo das liña aérea de 220 kV que atravesa o concello de Irixoa seleccionando unha traza que discorra polas zonas de afección comprendidas nos viais públicos.

As razóns anteriores xunto coa inexistente sensibilidade demostrada polo promotor Iberdrola Renovables Galicia S.A. ao emitir a Solicitud de Autorización Administrativa Previa xunto co Estudo de Impacto Ambiental de costas aos veciños e propietarios dos terreos afectados en Irixoa, levan a Corporación Municipal a solicitar ao órgano substantivo a paralización e arquivo do procedemento de Declaración de Impacto Ambiental e Autorización Administrativa do PE Pena do Corvo.

ANEXO VERSIÓN CASTELÁN

Delegación del Gobierno en Galicia
(Área de Industria y Energía)
Plaza de Ourense, n2 11
15003 A Coruña

Asunto: Alegaciones al Parque eólico Pena do Corvo

Expediente: Parque eólico Pena do Corvo de 58.5 MW y su infraestructura de evacuación

Código de Proyecto: PEol-400

Promotor: Iberdrola Renovables Galicia S.A.

En Irixoa, A Coruña, a XX de junio de 2021

Con fecha 31 de mayo, esta corporación municipal ha tenido conocimiento a través del Boletín Oficial del Estado de fecha 29 de mayo de un proyecto eólico que la empresa Iberdrola Renovables Galicia S.A. está desarrollando, a través del Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico en terrenos situados, en el ayuntamiento de Monfero denominado Parque Eólico Pena do Corvo.

Este proyecto consta de 13 aerogeneradores modelo SG145 de 4.5MW, 107,5 mts de altura de buje que totalizan 58.5MW, redes interiores de parque al nivel de 30kV, viales de parque, subestación elevadora 30/220kV y una línea aérea de evacuación en 220kV de 45,5 km hasta Mesón do Vento atravesando nueve ayuntamientos.

Consideramos necesario reseñar que hasta la fecha de hoy, la empresa que desarrolla el proyecto no se ha puesto en contacto con nadie de la corporación municipal de este ayuntamiento para anunciarnos y presentarnos el proyecto en cuestión, ni recabar inquietudes o el nivel de aceptación potencial por parte de los vecinos de esta localidad. Tampoco se ha interesado por los planes específicos de desarrollo urbanístico o de otra índole que este ayuntamiento esté intentando elaborar y desarrollar, en aras a evitar la posible interferencia de la traza de la línea aérea.

Analizada la información recogida en los documentos: “Anteproyecto. Parque eólico Pena do Corvo e Infraestructuras de evacuación eléctrica asociada” y el “Estudio de Impacto Ambiental del Proyecto de instalación del Parque Eólico Pena do Corvo y su Infraestructura de evacuación”, esta Corporación Municipal presenta las siguientes alegaciones:

Alegación Primera.-

Dado que el proyecto Parque Eólico Pena do Corvo se está desarrollando fuera de una Área de Desarrollo Eólico (ADE) establecidas en Galicia mediante la Ley 8/2009 y además no cumple la condición necesaria que exonere de esta restricción, por no generar ningún tipo de valor socio-económico reseñable ni ser un proyecto vertebrador para el territorio, esta Corporación Municipal manifiesta su posición negativa al desarrollo del citado proyecto y solicita al órga-



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

no sustantivo la paralización y archivo del procedimiento de Declaración de Impacto Ambiental y Autorización Administrativa del PE Pena do Corvo.

Alegación Segunda.-

Según se puede apreciar en los planos generales del Anteproyecto del Parque Eólico, en sus 45,5 km de longitud, la línea aérea para la evacuación de la energía eléctrica generada en el Parque Eólico Pena do Corvo atraviesa los ayuntamientos de Betanzos, Carral, Coiros, Irixoa, Monfero, Ordes, Oza-Cesuras, Paderne y Vilarmaior.

En el caso de nuestro ayuntamiento, vemos que cruza muy cercano a los lugares de Cal de Samede, Samede, Moreira, Lambre y Vilarciá en la parroquia de AMBROA. Sin embargo, al no haberse acompañado, los habituales correspondientes perfiles longitudinales junto con la traza en planta detallando qué parcelas son las afectadas por la ubicación de los apoyos y el vuelo de la línea así como la altura de los conductores; entendemos que esta documentación es insuficiente para el objetivo pretendido de ser una “información pública” fidedigna con la que los vecinos y organismos afectados puedan tener un conocimiento claro de la afección del proyecto.

A pesar de esta falta de información, por lo que se aprecia en el plano de planta vemos que la traza de la línea, teniendo en cuenta su franja de afección de 60-80 mts, pasa muy cercana a los núcleos de población de Cal de Samede, Samede, Moreira, Lambre e Vilarciá.

Por tanto, esta Corporación Municipal solicita al órgano sustantivo que requiera a Iberdrola Renovables Galicia S.A. para que elaboren una documentación detallada teniendo en cuenta los núcleos de población de Cal de Samede, Samede, Moreira, Lambre e Vilarciá y permita ver claramente cuáles serán las afecciones reales de la línea.

Alegación Tercera.-

Como ya se ha indicado anteriormente, el promotor Iberdrola Renovables Galicia S.A. en ningún momento se ha puesto en contacto con los vecinos y propietarios de las parcelas o propiedades afectadas para negociar las lógicas compensaciones por el paso de la línea; ni con esta Corporación Municipal para presentar el proyecto.

También es necesario recordar que este proyecto y su línea de evacuación de 45,5 km de longitud son infraestructuras de carácter privado que estarán en operación no menos de 30 años, generando un negocio económico privado del que nada se van a beneficiar los vecinos de Irixoa, ni especialmente los vecinos cuyas propiedades se vean directamente afectados por el paso de la mencionada línea de 220kV.

Por ello, esta Corporación Municipal manifiesta su total disconformidad con la estrategia y actitud del promotor Iberdrola Renovables Galicia S.A. al no hablar con los vecinos afectados, y así mismo advierte al órgano sustantivo que si el promotor inicia un expediente de expropiación forzosa para ocupar las propiedades de los vecinos de Irixoa, esta Corporación Municipal ejercerá una oposición frontal con todos los medios legales a su alcance.

Alegación Cuarta.-

En el Estudio de Impacto Ambiental, el promotor no ha tenido en consideración del Plan General de Ordenación Municipal del ayuntamiento de Irixoa y en consecuencia no se ha hecho eco de las iniciativas de desarrollo recogidas en el mismo sobre las zonas afectadas por el paso de la línea de 220kV ni tampoco las pertinentes catalogaciones de núcleos de población y sus contornos de protección.

Por ello esta Corporación Municipal solicita al órgano sustantivo que requiera a Iberdrola Renovables Galicia S.A. para que rehaga el Estudio de Impacto Ambiental teniendo en cuenta el Plan General de Ordenación Municipal del ayuntamiento de Irixoa.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Alegación Quinta.-

En el Estudio de Impacto Ambiental, el promotor no analiza el impacto que tendrá el paso de la línea aérea 220kV sobre la pérdida de calidad para la población asentada en Irixoa. Sin duda la construcción de esta línea afectará al carácter original del paisaje y a los valores medioambientales de la zona mermando el potencial crecimiento del turismo rural y otras actividades económicas asociadas así como a la ganadería y el patrimonio cultural.

Estos impactos no han sido tratados y, por tanto, no han sido contempladas medidas mitigadoras compensatorias en el Estudio de Impacto Ambiental. Es por ello que esta Corporación Municipal solicita al órgano sustantivo la paralización y archivo del procedimiento de Declaración de Impacto Ambiental y Autorización Administrativa del PE Pena do Corvo; o bien, sea soterrado el tramo de la línea aérea de 220kV que atraviesa el ayuntamiento de Irixoa seleccionando una traza que discurra por las zonas de afección comprendidas en los viales públicos.

Las razones anteriores junto con la inexistente sensibilidad demostrada por el promotor Iberdrola Renovables Galicia S.A. al haber emitido la Solicitud de Autorización Administrativa Previa junto con el Estudio de Impacto Ambiental de espaldas a los vecinos y propietarios de los terrenos afectados en Irixoa, llevan a Corporación Municipal solicitar al órgano sustantivo la paralización y archivo del procedimiento de Declaración de Impacto Ambiental y Autorización Administrativa del PE Pena do Corvo.

11. DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERÉS E UTILIDADE MUNICIPAL DA ACTIVIDADE DE RESIDENCIA DE MAIORES EN AMBROA. Dáse conta da solicitude de María Randal Bello, rexistrada de entrada co nº 669 do 3-6-2021, no que solicita que se declare a construción e posta en marcha da residencia de maiores Ambroa como de especial interese e de utilidade municipal para o Concello de Irixoa, así como que se concedan as oportunas bonificacións tributarias (ICIO, IBI e IAE).

Tras un breve debate, no que se aprecia un consenso sobre os beneficios sociais desta iniciativa, sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobado, por unanimidade de 9 votos favorables, o seguinte **acordo**:

1. O Concello de Irixoa declara de especial interese social e de utilidade municipal o proxecto da residencia de maiores Ambroa promovido por María Randal Bello, a instalarse no núcleo da Graña (parroquia de Ambroa) en terreo calificado principalmente como núcleo rural histórico tradicional.
2. Tal declaración, que se limita ao fin citado, no prexulga a orientación das autorizacións competencia da Xunta de Galicia, así como da necesaria licenza urbanística municipal.

13. ROGOS. Non se formulan.

14. PREGUNTAS. Na quenda de preguntas fórmulanse as seguintes:

1. A sra. Cal (PSG-PSOE) pregunta ao sr. Boado (BNG) se confirma que no Pleno do 30-12-2020 afirmou no punto 6 que “era bo para independencia”. O sr. Boado confirma que dixo esa frase nesa sesión plenaria.
2. A sra. Cal pregunta ao sr. Boado se solicitou no Pleno do 14-1-2021 que se retirara a súa intervención no punto 6 da sesión plenaria do 30-12-2020. O sr. Boado nega que fixese tal solicitude.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Po parte da secretaría recórdase que, diante da desconformidade do sr. Boado coa redacción da súa intervención recollida na acta, plantexouse eliminar a mesma e reducila ao anuncio da súa abstención, ao cal mostrouse conforme o interesado.

3. A sra. Cal pregunta que previsión ten a Alcaldía de arranxar o camiño de Fonte de Ambroa, xa que ten unha curva superperigosa e con tubos rotos ou levantados.

Contesta o sr. alcalde (PP) que a curva non se pode mellorar, xa que linda cunha propiedade privada e non ceden terreo; recorda que a obra foi un logro municipal logo dunha xestión moi complicada de levar adiante; non obstante, comprobarase se as cabezas das taxeadas están rotas e arranxarase o que se poida.

4. A sra. Cal pregunta pola marquesiña do Cal que está deteriorada.

Contesta o sr. alcalde que coñece moi ben a zona, pero que esa marquesiña é da Deputación Provincial da Coruña, non é de responsabilidade municipal.

5. A sra. Cal pregunta cando remata a concesión do local pola casa-niño e se terá continuidade.

Contesta o sr. alcalde que estima nun ano o tempo que queda de concesión, tendo o concello interese na continuidade do servizo, pero que non necesariamente ten que ser a persoa que o presta actualmente nin nese local municipal.

6. O sr. alcalde pregunta á sra. Cal que vai pasar coa ampliación da estrada DP-3903.

Contesta a sra. Cal que o proxecto está en marcha e que ela sempre estivo enriba desta xestión, conseguindo que se iniciase a execución do proxecto no concello de Paderne, non no de Vilarmaior.

Intervén o sr. Freire (PP) para mostrar a súa contrariedade coa contestación da sra. Cal, xa que no Pleno do 29-4-2019 a sra. Cal anticipou a inminencia da execución do proxecto de ampliación da estrada en Ambroa, como propaganda electoral, e diso xa van 2 anos.

Sendo as trece horas e corenta e seis minutos, e non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión da cal eu, Secretario, estendo a presente acta coa que dou fe da mesma.

O SECRETARIO

Visto e prace
O ALCALDE